

## ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

### DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

### LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	<a href="https://meet.google.com/mwn-nscj-jwa">https://meet.google.com/mwn-nscj-jwa</a>		
Data:	11/12/2023	Hora:	21:30 h

### PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X (22.46 h)	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X (21.49 h)	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X (21.54 h)	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Aromon	X	
Manuel Pedre Vázquez	Responsable Raids	Gallaecia	X (21.49 h)	
José A. Ricoy Bugarín	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X

### ORDE DO DÍA

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (13-11-2023)**  
Aprobase por unanimidade a acta da Xunta Directiva anterior celebrada o día 13-11-2023.
- Resumo e memoria anual da Xunta Directiva.**  
Toma a palabra a Presidenta da Fegado para facer un breve resumo da memoria anual destacando os campionatos galegos e nacionais celebrados e os diferentes resultados obtidos.
- Valoración das contas económicas 2023.**  
Toma a palabra o tesoureiro da Fegado, Javier Antoñón Clemente, para facer unha valoración das contas económicas da tempada 2023. Sinala que sobraron aproximadamente 3000 euros procedentes das tecnificacións que non se gastaron e que serán empregados para mercar a roupa dos corredores e corredoras que formen parte das diferentes seleccións.
- Valoración do presuposto 2024.**  
Continúa o tesoureiro facendo unha análise do presuposto da tempada 2024. Propón reducir en relación á tempada 2023 as subencións das dietas por persoa e proba en O-pé e Trail-O para os campionatos de España pasando de 25 euros a 20 euros. Vótase a proposta sendo aprobada por unanimidade.  
Engade que no caso dos raids e rogainers ao non existir selección no caso dos equipos mixtos a Fegado asumirá a inscrición de cada un deses equipos. No caso de non ser equipo mixto a Fegado pagará dietas de 20 euros aos equipos mellor clasificados sempre e cando todos os membros dese equipo teñan licenza federativa vixente dun ano.

En canto ao presuposto destinado ás tecnificacións mantense a mesma cuantía que a da tempada 2023.

#### 5. Calendario

Intervén a Presidenta da Fegado para facer unha exposición do borrador do calendario das probas e eventos do ano 2024, deseñado pola mesa de traballo coordinada por Francisco Varela.

#### 6. Escolares

A Presidenta da Fegado enumera cales serán os calendarios dos Campionatos Escolares Provinciais. Indica que na provincia de Lugo será o club Fluvial de Lugo o responsable da súa organización e na de Ourense será o club Peña Trevinca-Barco. No caso da provincia da Coruña o campionato será encomendado á Asociación Deportiva que ten a titularidade de todas as actividades extraescolares da provincia da Coruña. No caso da provincia de Pontevedra amosan o seu interese en organizar este Campionato Escolar dous clubs: o club Aromón e o club Vigo-Orienta. Indica a Presidenta que serán os membros da Asamblea Xeral que se celebrará o día 16-12-2023 os que decidan mediante votación cal será o club responsable de dita organización.

#### 7. Dietas 0,26 euros/Km

A Presidenta indica que debido a unha modificación legislativa se incrementará as axudas ás dietas dos xuíces e membros asistentes ás Assembleas a un valor de 0.26 euros/km.

#### 8. Uniformidade e bandeirolas

A Presidenta indica que se encargarán á empresa Ottobosley as diferentes prendas que formarán parte da uniformidade das diferentes seleccións (camiseta, maillot e culotte). Ademais, tamén se mercarán 2 bandeirolas verticais para a Federación e unha bandeira para que poidan empregar as diferentes selección que suban ao pódium en campionatos nacionais e internacionais.

Tamén se indica que se pedirán orzamentos para mercar chalecos para entregarlles aos xuíces controladores.

#### 9. Puntos a tratar na Asamblea Ordinaria do día 16 de decembro de 2023.

A Presidenta enumera os diferentes puntos que se tratarán na Asamblea Ordinaria que se celebrará en Santiago de Compostela o día 16-12-2023.

#### 10. Rogos e preguntas

Toma a palabra Jorge Piñeiro Portela para solicitar subir as dietas de alto rendemento a 4000 euros incorporando os raids.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:30 h do día antes indicado.

### SINATURAS

Roberto Amarelle Garabán  
Secretario da FEGADO

Vº Bº Sonia Gómez Naya  
Presidenta da FEGADO



Lugar e data:

VIGO, 21 de decembro de 2023